

ESCOLAS DEPORTIVAS E ESCOLAS CULTURAIAS



COLABORA



*Solicita a túa praza en
<https://ames.i2a.es/CronosWeb>*

INSTRUCCIÓN

- **PREINSCRICIÓN:**

Prazo: do 21 ao 27 de setembro.

Método: A inscrición realizarase telematicamente a través da seguinte plataforma <https://ames.i2a.es/CronosWeb/Login>. Para poder inscribirse é necesario darse de alta seguindo as indicacións da propia plataforma. No caso dun/dunha menor, primeiro deberá de darse de alta o pai, nai ou titor como titular (tipo de rexistro). Despois darase de alta o/a menor como beneficiario/a (tipo de rexistro). A inscrición xerará un número de rexistro que será o número co que se identifique a persoa inscrita na listaxe xerada polo resultado do sorteo.

* Neste prazo de inscrición, cada persoa só poderá inscribirse nunha escola deportiva e nunha escola cultural. Non se permite a inscrición en máis dun grupo da mesma actividade.

** Non se admitirá ningún tipo de inscrición presencial.

- **SORTEO:** A adxudicación das prazas realizarase por sorteo e este celebrárase o luns, 28 de setembro. Non se conceden as prazas por orde de inscrición.

- **LISTAXES DAS PERSOAS ADMITIDAS:** publicaranse o 1 de outubro na páxina web do Concello de Ames (www.concellodeames.gal).

- **PAGAMENTO:**

Prazo: do 1 ao 9 de outubro

Método (persoas que, por sorteo, obtiveran praza):

- Solicitar a folia de autoliquidación nas oficinas de Recadación:

Email: ames@canaltributos.com

Teléfono: 981 88 48 96

Presencial: Bertamiráns (Praza Horta de Abaixo, nº 6) e no Milladoiro (rúa Viorneira, nº 6)

- Realizar a autoliquidación a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello premendo na opción de autoliquidar as miñas taxas:

Con certificado electrónico:

<https://ames.tributoslocales.es/ovt/EXPZ/150022/AAMES/login/1>

Sen certificado electrónico:

<https://ames.tributoslocales.es/ovt/EXPZ/150022/AAMES/homenoauth/pag3>

* Unha vez feita a autoliquidación no prazo estipulado (do 1 ao 9 de outubro), non é preciso entregar o resguardo de pagamento, dado que este chega automaticamente. Se non se realiza o pagamento no prazo establecido, a preinscrición quedará anulada.

- **INSCRICIÓN AO LONGO DO CURSO:** cada mes sacárase unha listaxe coas prazas libres e estas íranse cubrindo por orde de solicitude. Neste caso, o alumnado inscrito nunha actividade poderá matricularse noutra na que quedasen prazas libres. No suposto de inscricións unha vez comezado o curso, o importe da cota será o resultante de multiplicar a tarifa mensual (incluído o mes da propia inscrición), polo número de meses que restan para rematar o curso.

- **CALENDARIO:** As clases comezarán o luns 19 de outubro de 2020 e rematarán o 31 de maio de 2021, no caso das escolas culturais, e o 30 de xuño de 2021 no caso das escolas deportivas.

* O Concello de Ames poderá realizar as modificacións horarias que estime oportunas por necesidades de espazo para a programación do Concello.

- **NÚMERO DE INSCRICIÓNS NECESARIO PARA FORMAR GRUPOS:** para formar grupo será necesario que se cubran a metade máis unha do máximo de prazas ofertadas.
- **BAIXAS:** deberanse tramitar por escrito e poderá devolverse a cota correspondente en supostos de baixa por forza maior (enfermidade acreditada).
* Se o alumno/a non acode á clase durante un mes seguido e non xustifica por escrito a dita ausencia, poderá darse de baixa de oficio e ofrecerlle a praza a outra persoa.
- **PREZO PÚBLICO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS**

IDADES	PREZO
Menores de 18 anos	32 €
2º membro menor de 18 anos	16 €
3º e restantes membros menores de 18 anos	8 €
Maiores de 18 anos	48 €

- **PREZO PÚBLICO DAS ESCOLAS CULTURAIS**

IDADES	PREZO
Menores de 18 anos	40 €
2º membro menor de 18 anos	20 €
3º e restantes membros menores de 18 anos	10 €
Maiores de 18 anos	50 €

* En casos excepcionais, por resolución do órgano competente e previo informe dos Servizos Sociais, poderase acordar a exención total/parcial das tarifas.

- **INFORMACIÓN DEPORTES:**

Teléfonos: 619 842 504 e 981 535 940

Emails:

- deportes@concellodeames.gal (Bertamiráns)
- deportes.milladoiro@concellodeames.gal (O Milladoiro)

- **INFORMACIÓN CULTURA:**

Teléfonos: 981 535 940 e 662 377 444

Email: cultura@concellodeames.gal

ESCOLAS DEPORTIVAS

FORMACIÓN DEPORTIVA

BALLET

- Prazas: 14
- Idades: nados/as do 2009 ao 2014
- Bertamiráns (Casa da Cultura)
- Horario: mércores e venres ás 18:30 horas

BALONCESTO

- Prazas: 23 por grupo
- Bertamiráns (pavillón polideportivo):
 - Grupo 1 (nados/as do 2011 ao 2014): mércores e venres ás 16:00 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2007 ao 2010): mércores e venres ás 17:00 horas
- O Milladoiro (pavillón polideportivo):
 - Grupo 1 (nados/as do 2011 ao 2014): martes e xoves ás 16:30 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2007 ao 2010): luns ás 17:00 e xoves ás 17:30 horas

FÚTBOL SALA FEMININO

- Prazas: 23 por grupo
- Idades: nados do 2005 ao 2015
 - Grupo 1 (INICIACIÓN) e grupo 2 (INTERMEDIO): mércores ás 18:30 (pavillón do Milladoiro) e venres ás 18:00 horas (pavillón de Bertamiráns)
 - Grupo 3 (AVANZADO): mércores ás 19:30 (pavillón do Milladoiro) e venres ás 19:00 horas (pavillón de Bertamiráns)

FÚTBOL SALA MIXTO

- Prazas: 23 por grupo
- Bertamiráns (pavillón Polideportivo)
 - Grupo 1 (nados/as do 2012 ao 2014): martes e xoves ás 16:00 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2009 ao 2011): martes e xoves ás 17:00 horas
- O Milladoiro (pavillón Polideportivo)
 - Grupo 1 (nados/as do 2012 ao 2014): mércores e venres ás 16:30 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2009 ao 2011): mércores e venres ás 17:30 horas

JUDO

- Prazas: 14 por grupo
- Bertamiráns (ximnasio do pavillón)
 - Grupo 1 (nados/as do 2015 ao 2017): martes e xoves ás 16:30 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2011 ao 2014): martes e xoves ás 17:30 horas
 - Grupo 3 (nados/as do 2005 ao 2010): martes e xoves ás 18:30 horas
- O Milladoiro (sala de actividades do pavillón)
 - Grupo 1 (nados/as do 2015 ao 2017): luns e mércores ás 16:30 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2011 ao 2014): luns e mércores ás 17:30 horas
 - Grupo 3 (nados/as do 2005 ao 2010): luns e mércores ás 18:30 horas

NATACIÓN

- Prazas: 10 por grupo
- Idades: nados/as do 2015 ao 2017
- O Milladoiro (Ximnasio Squash)
 - Grupo 1: luns das 15:30 ás 16:00 horas
 - Grupo 2: martes das 15:30 ás 16:00 horas
 - Grupo 3: mércores das 15:30 ás 16:00 horas
 - Grupo 4: xoves das 15:30 16:00 horas

PATINAXE

- Prazas: 23 por grupo
- Bertamiráns (pavillón polideportivo). Idades: nados/as do 2005 ao 2014
 - Grupo 1 (INICIACIÓN): luns e xoves ás 18:00 horas
 - Grupo 2 (INTERMEDIO): luns e xoves ás 19:00 horas
 - Grupo 3 (AVANZADO): luns e xoves ás 20:00 horas
 - Grupo 4 (INICIACIÓN-INTERMEDIO): sábado das 9:30 ás 11:30 horas
- O Milladoiro (pavillón polideportivo). Idades: nados/as do 2005 ao 2014
 - Grupo 0 (INICIACIÓN): martes ás 17:30 h (pavillón) e xoves ás 17:00 h (pista cuberta do IES do Milladoiro)
 - Grupo 1 (INTERMEDIO 1): martes e xoves ás 18:30 horas
 - Grupo 2 (INTERMEDIO 2): martes e xoves ás 19:30 horas
 - Grupo 3 (AVANZADO): martes e xoves ás 20:30 horas

* Os/as nenos/as que se inscriban por primeira vez terán que preinscribirse nos grupos 1 e 4 de Bertamiráns e no 0 do Milladoiro. O resto de deportistas terán que preinscribirse no grupo que lle corresponda por nivel, tendo en conta o grupo no que participaron en anos anteriores.

PREDEPORTE

- Prazas: 14 por grupo.
- Idades: nados/as do 2015 ao 2017
- Bertamiráns (ximnasio do pavillón)
 - Grupo 1: mércores e venres ás 16:30 horas
- O Milladoiro (ximnasio do pavillón)
 - Grupo 1: martes e xoves ás 16:30 horas
 - Grupo 2: martes e xoves ás 17:30 horas
 - Grupo 3: martes e xoves ás 18:30 horas

SQUASH

- Prazas: 5
- Bertamiráns (pista de squash) *clases de 30'
 - Grupo 1 (nados/as do 2012 ao 2014): luns e mércores ás 18:00 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2009 ao 2011): martes e xoves ás 18:00 horas
 - Grupo 3 (nados/as do 2006 ao 2008): martes e xoves ás 18:30 horas
 - Grupo 4 (nados/as no 2005 e anteriores): luns e mércores ás 18:30 horas

TENIS

- Prazas: 20 (Grupos 1 e 2) e 10 (Grupos 3 e 4)
- Bertamiráns (Grupos 1, 2 e 3 no ximnasio do les de Bertamiráns e grupo 4 na pista de tenis de Aldea Nova/ pista do les do Milladoiro en caso de chuvia)
 - Grupo 1 (nados/as do 2012 ao 2014): mércores e venres ás 16:00 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2009 ao 2011): mércores e venres ás 17:00 horas
 - Grupo 3 (nados/as do 2006 ao 2008): mércores e venres ás 18:00 horas
 - Grupo 4 (nados/as no 2005 e anteriores): sábado das 9:30 ás 11:30 horas
- O Milladoiro (pista do les do Milladoiro)
 - Grupo 1 (nados/as do 2012 ao 2014): martes e xoves ás 19:00 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2009 ao 2011): martes e xoves ás 19:50 horas
 - Grupo 3 (nados/as do 2006 ao 2008): martes e xoves ás 20:40 horas
 - Grupo 4 (nados/as no 2005 e anteriores): sábado das 12:00 ás 14:00 horas

VOLEIBOL

- Prazas: 14 por grupo.
- Bertamiráns: Ximnasio do IES de Ames
 - Grupo 1 (nados/as do 2011 ao 2014): martes e xoves ás 16:00 horas
 - Grupo 2 (nados/as no 2009 e 2010): martes e xoves ás 17:00 horas
 - Grupo 3 (nados/as no 2007 e 2008): martes e xoves ás 18:00 horas

XADREZ

- Prazas: 12 por grupo.
- Idades: nados/as no 2014 e anteriores.
- Bertamiráns (sala usos múltiples da Casa da Cultura)
 - Grupo 1 (iniciación): sábado ás 10:00 horas
 - Grupo 2 (perfeccionamento): sábado ás 11:00 horas
- O Milladoiro (sala usos múltiples da Casa da Cultura)
 - Grupo 1 (iniciación): venres ás 19:00 horas
 - Grupo 2 (perfeccionamento): venres ás 20:00 horas

XIMNASIA RÍTMICA

- Prazas: 14
- Bertamiráns (anexo da Casa da Cultura)
 - Grupo 1 (nados/as do 2011 ao 2014): mércores e venres ás 16:30 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2007 ao 2010): mércores e venres ás 17:30 horas
- O Milladoiro (sala do pavillón)
 - Grupo 1 (nados/as do 2011 ao 2014): martes e xoves ás 16:30 horas
 - Grupo 2 (nados/as do 2011 ao 2014): martes e xoves ás 17:30 horas
 - Grupo 3 (nados/as do 2007 ao 2010): martes e xoves ás 18:30 horas

PONTE EN FORMA (Destinatarios/as: maiores de 14 anos)

ADESTRAMENTO FUNCIONAL

- Prazas: 14 por grupo
- Bertamiráns (ximnasio do pavillón)
 - Horario: martes e xoves ás 21:00 horas
- O Milladoiro (ximnasio do pavillón)
 - Horario: luns e mércores ás 21:00 horas

AEROZUMBA

- Prazas: 20
- Bertamiráns (ximnasio do pavillón)
 - Grupo 1: martes e xoves ás 11:00 horas
 - Grupo 2: luns e mércores ás 21:00 horas
- O Milladoiro
 - Grupo 1: martes e xoves ás 10:00 horas (pavillón polideportivo)
 - Grupo 2: martes e xoves ás 19:30 horas (ximnasio do pavillón)
 - Grupo 3: martes e xoves ás 20:30 horas (ximnasio do pavillón)

IOGA

- Prazas: 14 por grupo
- Bertamiráns (Casa da Cultura)
 - Grupo 1: martes e xoves ás 10:00 horas
 - Grupo 2: luns e mércores ás 20:00 horas
 - Grupo 3: luns e mércores ás 21:00 horas
- O Milladoiro (Casa da Cultura)
 - Grupo 1: luns e mércores ás 10:00 horas
 - Grupo 2: martes e xoves ás 20:00 horas
 - Grupo 3: martes e xoves ás 21:00 horas

GAP (hipopresivos)- AEROCOMBAT

- Prazas: 14 (Grupo de Bertamiráns) e 20 (Grupo do Milladoiro)
- Bertamiráns (ximnasio do pavillón)
 - Horario: martes e xoves ás 20:00 horas
- O Milladoiro (ximnasio do pavillón)
 - Horario: luns e mércores ás 20:00 horas

PILATES

- Prazas: 14 por grupo
- Bertamiráns (Pazo da Peregrina os grupos 1, 2 e 3 e Casa da Cultura os grupos 4 e 5)
 - Grupo 1: luns e mércores ás 9:30 horas
 - Grupo 2: luns e mércores ás 10:30 horas
 - Grupo 3: luns e mércores ás 11:30 horas
 - Grupo 4: martes e xoves ás 20:00 horas
 - Grupo 5: martes e xoves ás 21:00 horas
- O Milladoiro (Casa da Cultura os grupos 1, 2 e 3 e Sala do pavillón grupos 4, 5, 6, 7 e 8)
 - Grupo 1: martes e xoves ás 10:00 horas
 - Grupo 2: martes e xoves ás 11:00 horas
 - Grupo 3: mércores e venres ás 21:00 horas
 - Grupo 4: martes e xoves ás 10:00 horas
 - Grupo 5: mércores e venres ás 20:00 horas
 - Grupo 6: mércores e venres ás 21:00 horas
 - Grupo 7: luns e xoves ás 20:00 horas
 - Grupo 8: luns e xoves ás 21:00 horas
- Aldea Nova
 - Grupo 1: martes e xoves ás 20:00 horas
 - Grupo 2: martes e xoves ás 21:00 horas
 - Grupo 3: luns e mércores ás 21:00 horas

SPINNING, ABDOMINAIS E GLÚTEOS

- Prazas: 10 por grupo
- O Milladoiro (sala de spinning do pavillón)
 - Grupo 1: martes e xoves ás 20:00 horas
 - Grupo 2: martes e xoves ás 21:00 horas
 - Grupo 3: luns e mércores ás 20:00 horas
 - Grupo 4: luns e mércores ás 21:00 horas
 - Grupo 5: martes e xoves ás 19:00 horas
 - Grupo 6: luns e mércores ás 19:00 horas
 - Grupo 7: martes e xoves ás 10:00 horas

XIMNASIA DE MANTEMENTO

- Prazas: 20 (O Milladoiro) 14 (Bertamiráns) 14 (Aldea Nova e Agrón) 12 (Tapia) 10 (Biduído)
- Bertamiráns (Ximnasio do pavillón)
 - Grupo 1: martes e xoves ás 10:00 horas
 - Grupo 2: luns e mércores ás 20:00 horas
- O Milladoiro
 - Grupo 1: luns e mércores ás 10:00 horas (pavillón polideportivo)
 - Grupo 2: martes e xoves ás 21:30 horas (ximnasio do pavillón)
- Agrón (local social): luns e mércores ás 20:00 horas
- Aldea Nova: luns e mércores ás 20:00 horas
- Biduído (local social): martes e xoves ás 20:00 horas
- Tapia (local social): luns e xoves ás 20:00 horas

ESCOLAS CULTURAIS

1. ARTES PLÁSTICAS

Manualidades dirixidas a persoas maiores de 16 anos. As técnicas que traballarán os/as participantes serán entre outras:

- Pezas decoradas en madeira, con técnicas de pintura ao xiz.
- Traballos en coiro repuxado e cosido.
- Técnicas sobre pezas de cristal.
- Pintura sobre porcelana. Diversas técnicas.
- Pintura en tea.
- Iniciación á pintura ao óleo.
- Cadros con areas e *colaxe*.
- Figuras e xoias de papel maché.

Arte miúda dirixida a nenos e nenas dos 3 aos 13 anos divididos en grupos por idade. O obxectivo é achegar aos e ás participantes ás actividades artísticas. Algunhas das técnicas que se levarán a cabo segundo a idade son:

- Primeiros pasos no debuxo e a cor.
- Cadros con acrílicos
- Acuarela
- Colaxe e recortes
- Pasta de papel.

ESCOLA	LUGAR	ACTIVIDADE	LUGAR DE IMPARTICIÓN	HORARIO PREVISTO	HORAS/ SEMANA	NÚMERO DE PRAZAS
ARTES PLÁSTICAS	BERTAMIRÁNS	ARTE MIÚDA 3-6 ANOS	Aula de Usos Múltiples	Mércores 17:00 a 17:50	1 horas	10
		ARTE MIÚDA 7-9 ANOS	Aula de Usos Múltiples	Mércores 18:00 a 18:50	1 hora	10
	O MILLADOIRO	ARTE MIÚDA 3-6 ANOS	Casa Cultura Aula 2 e 3	Xoves 17:00 a 17:50	1 horas	10
		ARTE MIÚDA 3-6 ANOS	Casa Cultura Aula 2 e 3	Xoves 18:00 a 18:50	1 horas	10
		ARTE MIÚDA 7-9 ANOS	Casa Cultura Aula 2 e 3	xoves 19:00 a 19:50	1 horas	10
		MANUALIDADES MAIORES DE 16 ANOS	Casa Cultura Aula 2 e 3	Martes 18:00 a 19:50	2 horas	10
		MANUALIDADES MAIORES DE 16 ANOS	Casa Cultura Aula 2 e 3	Martes 20:00 a 21:50	2 horas	10

➤ **BAILE**

Baile en liña: dirixido a maiores de 16 anos.: As/os participantes coñecerán as diferentes músicas e aprenderán a bailar diferentes ritmos (salsa cubana, ritmos latinos, danza moderna e baile de salón entre outros), ata desenvolverse de forma correcta nunha pista de baile. A clase constará dunha parte teórica e unha práctica.

Baile moderno: dirixido a rapaces e rapazas desde os 6 anos. Levaranse a cabo coreografías, combinación de movementos no que os e as participantes desenvolverán dunha forma divertida a coordinación a lateralidade e o sentido do ritmo.

ESCOLA	LUGAR	ACTIVIDADE	LUGAR DE IMPARTICIÓN	HORARIO	HORAS/ SEMANA	NÚMERO DE PRAZAS
BAILE	BERTAMIRÁNS	BAILE EN LIÑA MAIORES 16 ANOS	Auditorio da Casa da Cultura	Mércores 20:30 a 22:00	1,5 horas	16
	O MILLADOIRO	BAILE EN LIÑA MAIORES DE 16 ANOS	Auditorio da Casa da Cultura	Luns 20:30 a 22:00	1,5 horas	16
		BAILE MODERNO dos 6 aos 10 anos	Auditorio da Casa da Cultura	Luns 18:00 a 18:50	1 horas	12
		BAILE MODERNO maiores de 10 anos.	Auditorio da Casa da Cultura	Luns 19:00 a 19:50	1 horas	12

➤ **TEATRO**

Esta escola incluírá as actividades de:

-Teatro Infantil e Xogo Dramático, na que se van combinar moitos xogos, técnicas e dinámicas. Non se trata de aprender un papel teatral, senón de utilizar o teatro como recurso que lles permita, xogar a como se foses, divertirse, plasmar creacións e emocións, perder o medo, comunicarse a través da linguaxe corporal e xestual. Dirixida a rapaces e rapazas de 3 a 16 anos en grupos por idades.

-Grupo Municipal de Teatro: Dirixido a todas as persoas que teñan xa experiencia teatral, dado que se abordará o proceso de montaxe dunha obra teatral e culminará coa estrea do espectáculo.

	LUGAR	ACTIVIDADE	LUGAR DE IMPARTICIÓN	HORARIO	HORAS/ SEMANA	NÚMERO DE PRAZAS
TEATRO	BERTAMIRÁNS	TEATRO INFANTIL E XOGO DRAMÁTICO 3 A 6 ANOS	Auditorio da Casa da Cultura	Martes 17:00 a 17:50	1 hora	10
		TEATRO INFANTIL E XOGO DRAMÁTICO 7 A 11 ANOS	Auditorio da Casa da Cultura	Martes 18:00 a 18:50	1 hora	10
		TEATRO INFANTIL E XOGO DRAMÁTICO a partir de 11 ANOS	Auditorio da Casa da Cultura	Martes 20:00 a 21:00	1 hora	10
	O MILLADOIRO	TEATRO INFANTIL E XOGO DRAMÁTICO 3-6 ANOS	Auditorio da Casa da Cultura	Mércores 17:00 a 17:50	1 hora	10
		TEATRO INFANTIL E XOGO DRAMÁTICO 7-11 ANOS	Auditorio da Casa da Cultura	Mércores 18:00 a 18:50	1 hora	10
		GRUPO MUNICIPAL maiores 18 anos	Auditorio da Casa da Cultura	Mércores de 20:30 a 22:30	2 hora	10

NORMAS DE PROTECCIÓN ANTE A COVID-19 QUE SE VAN LEVAR A CABO NOS PROGRAMAS DEPORTIVOS E CULTURAIIS MUNICIPAIIS

- Nas actividades deportivas que se necesite o uso de esterilla (pilates, ioga, ximnasia de mantemento....), cada usuario/a deberá levar a súa propia esterilla de uso individual.
- O uso de máscara estará regulado pola norma xeral de sanidade no ámbito da comunidade autónoma galega. A día de hoxe, é obrigatorio o seu uso en centros deportivos pechados, exceptuando a práctica de actividades que requiran a utilización de pistas específicas, tales como tenis, pádel, squash ou pistas polideportivas, exclusivamente durante a realización das ditas actividades específicas e sempre que a ocupación máxima da pista se axuste ás regras do xogo ou á actividade deportiva e tendo en conta os protocolos aprobados para a dita instalación”.
- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
- As bolsas, mochilas e efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para esa fin.
- Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberase limpar as mans cos hidroxeles que estarán dispoñibles para o efecto. Lavar con frecuencia as mans con agua e xabón ou con xel hidroalcolico, incluso entre tarefas dentro de cada actividade, nos momentos establecidos polos monitores.
- Público: non está permitida a asistencia de público ás clases das escolas deportivas nin das escolas culturais.
- Utilización dos vestiarios nas instalacións deportivas: está prohibido o uso dos mesmos. Deberase acceder á instalación coa roupa deportiva que se precise para realizar a actividade deportiva, xa que os vestiarios permanecerán pechados.
- Deberá absterse de acceder á actividade si se presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar, etc.) que puidera estar asociada co COVID-19. Deberase tomar a temperatura no domicilio antes de desprazarse á instalación e absterse de acceder si supera os 37’5º.
- As actividades poden verse condicionadas polos protocolos sanitarios asociados á Covid-19.
- Cumpriranse as normas específicas que marquen os distintos protocolos específicos de cada instalación.